



Estimadas familias:

Queremos propoñer un proxecto de deseño dun patio ideal:

O PATIO DOS NÓSOS SOÑOS.


Moita xente pensa que o tempo do recreo só é o descanso do estudo e da aprendizaxe e descoñece que o patio é como as aulas, un espazo educativo. No patio efectivamente prodúcense procesos educativos. A única diferenza coas clases é que en moitos casos esta aprendizaxe, en vez de ser guiada polos profesores, prodúcese neste espazo de xeito espontáneo. Nel os nenos sítense libres para expresarse, experimentar, negociar, compartir, cooperar, coordinarse, practicar diferentes roles, desenvolver a súa imaxinación, aprenden a coñecerse mellor a si mesmos/as, quen son, o que lles gusta, e a relacionarse con outros. Imaxinádevos!

O mellor sería que un patio nunca fose un lugar gris de cemento sen equipamentos, que non ofrezca variedade de actividades recreativas e lúdicas que contribúan e estimulen as aprendizaxes. Nin tampouco un lugar orientado exclusivamente á práctica de xogos competitivos, que están ben, pero non teñen que ser os únicos protagonistas, porque ademais non a todos os nenos lles gustan. Cada neno é diferente e polo tanto as actividades e elementos do patio sería bo que respetasen esa diversidade e contribuísen a que as aprendizaxes se aborden desde diferentes tipos de intereses, gustos e preferencias.

Un patio ademais debería evitar a segregación de nenos e nenas e ofrecer máis oportunidades ricas, variadas e enriquecedoras de que participen xuntos e aprendan que todos e todas podemos facer o mesmo.

Os mestres e mestras do C.E.I.P. Aquilino Iglesia Alvariño somos moi conscientes da importancia deste espazo nas aprendizaxes e a repercusión que ten sobre as vidas do alumnado. Por iso traballamos e estudamos para mellorar o noso patio, entendendo patio non só como espazo senon como conxunto de actividades que se desenvolven nel. No físico, estamos moi supeditados á propia arquitectura que evidentemente non se pode cambiar, pero na medida das nosas posibilidades, un pequeno cambio pode significar moito.

E para facer posible ese cambio hai que imaxinalo e nós queremos que os nenos sexan suxeito activo do mesmo, xa que vai orientado a eles.



Por iso propoñemos que ao longo destes días os nenos e nenas fagades con cousiñas que teñades pola casa unha maqueta que reflicta o noso patio. Pero...Tachán, tachán!! Aínda que teña a mesma distribución e se pareza, xa non será o noso patio tal e como o coñeciamos, senon que será O PATIO DOS NOSOS SOÑOS seguindo as seguintes instrucións:

-Elaborar unha maqueta do patio. É dicir a representación tridimensional dese lugar, evidentemente, nun tamaño máis pequeniño.

-Pode colaborar toda a familia.

-A maqueta debe ser fiel ao noso patio pero engadiredes todos aqueles elementos, xogos e decoracións que sirvan para transformalo nun lugar que ofrezca un arco da vella de diferente de opcións. Deseñando e representando espazos que permitan desenvolver no mesmo as vosas actividades lúdicas favoritas, como hortas escolares, granxas, recunchos de teatro, zona musical, artística-creativa, outro espazo destinado a xogos tradicionais ou populares etc.

-Podedes empregar todo tipo de diferentes materiais dos que dispoñades na casa, (papel, cartolina, plastilina, masa de sal de modelado, pinturas) ou de refugallo (papel de periódico, revistas, cartón usado etc).

-Reflectide o que se vos ocorra, eso sí non representedes unha piscina olímpica de 50 metros de longo e 21 de ancho porque todas as propostas teñen que cumprir cos principios de: realismo, ser económicas, amosar respecto e coidado pola natureza, ser igualitarias, inclusivas, que fomenten a cooperación e non a competitividade, que respeten a diversidade, e sobre todo que sexan viables e sostibles no tempo.

Veña, poñede a traballar a vosa imaxinación! Colgade as fotos na plataforma. Agardamos con verdadeiro interese e entusiasmo as vosas creacións!

Os profes